

Martes, 3 de febreiro de 2026

Núm. 22

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****MOAÑA****Ordenanzas e Regulamentos***APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA REGULADORA PPPNT SERVIZOS DA PISCINA MUNICIPAL**ANUNCIO APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA REGULADORA DAS PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARACTER PÚBLICO NON TRIBUTARIAS, POLOS SERVIZOS DA PISCINA MUNICIPAL*

O Pleno da Corporación, en sesión de data 30 de outubro de 2025, aprobou inicialmente a Ordenanza Reguladora das Prestacións Patrimoniais de carácter público non tributarias, polos servizos da piscina municipal.

Publicada a aprobación inicial da mencionada Ordenanza, no BOPPO nº 212, de 5 de novembro de 2025, formularonse dúas alegacións, no período de exposición pública.

O Pleno do Concello, en sesión de data 29 de xaneiro de 2026, acordou desetimar a totalidade das alegacións formuladas e aprobar definitivamente a Ordenanza Reguladora das Prestacións Patrimoniais de carácter público non tributarias, polos servizos da piscina municipal cuberta do Concello de Moaña.

En cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, se procede á publicación do texto íntegro da Ordenanza, entrando en vigor transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 do mesmo texto legal.

ORDENANZA REGULADORA DAS PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIAS, POLOS SERVIZOS DA PISCINA MUNICIPAL CUBERTA DO CONCELLO DE MOAÑA**PREÁMBULO**

Coa entrada en vigor da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e conforme ao disposto nas súas disposicións finais novena, undécima e duodécima, introdúcense modificacións en determinadas normas tributarias, engadindo unha nova letra c) ao artigo 2 da Lei 8/1989, de 13 de abril, do Réxime xurídico das taxas e os prezos públicos, dando nova redacción á disposición adicional primeira da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e engandindo un novo apartado 6 ao artigo 20 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.



Martes, 3 de febreiro de 2026

Núm. 22

En atención á indicada normativa, as contraprestacións económicas establecidas coactivamente que abona a cidadanía pola prestación de servizos públicos, cando se presten de forma directa mediante personificación privada ou mediante xestión indirecta, teñen a consideración de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario e deberán regularse mediante Ordenanza.

No Concello de Moaña, os importes que cobra a Concesionaria pola prestación dos servizos da piscina municipal, única instalación destas características existente no Concello de Moaña, atópanse regulados na Ordenanza de prezos público polo servizo da piscina cuberta climatizada municipal publicada no BOPPO nº 128, de 7 de xullo de 2010, cando debían estar regulados por unha Ordenanza Reguladora de Prestacións Patrimoniais de carácter público non tributarias.

As tarifas recollidas na Ordenanza son actualizadas segundo o estudo económico e financeiro da concesión obrante no expediente, de data 23 de xullo de 2025, e no que se analiza si o importe das tarifas previstas na actual Ordenanza de Prezos Públicos do servizo permite a viabilidade da concesión, fixando un incremento tarifario do 7,25% para garantir o equilibrio económico.

Na tramitación da presente Ordenanza tivo lugar a consulta pública previa, prevista no artigo 133 da Lei 39/2015 de 1 de Outubro, reguladora do Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas, co fin de que os potencias destinatarios teñan unha participación activa na elaboración das normas, en aplicación do principio de transparencia.

Así mesmo, o contido da presente Ordenanza adecúase aos principios de boa regulación aos que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia. De este modo, a norma persigue un interese xeral ao permitir asegurar o correcto funcionamento da Administración Local, e a adecuación dos textos normativos á lexislación aplicable, son claros os fins perseguidos pola Ordenanza e a mesma é o instrumento necesario para a súa consecución. A norma non conleva maiores cargas administrativas ou innecesarias, nin supón maiores gastos para o Concello ou ingresos. Os ingresos a percibir polo Concello non son obxecto de regulación na presente Ordenanza, dada a natureza de taxa dos mesmos, incluíndose na presente Ordenanza unicamente as tarifas a percibir pola Concesionaria do servizo.

A Ordenanza se compón de 8 artigos, unha Disposición Derrogatoria, e unha Disposición Final.

O articulado da Ordenanza regula o réxime xurídico das diferentes prestacións vinculadas co servizo da piscina municipal, o obxecto da contraprestación, as persoas obrigadas ao pago, as tarifas, incluíndo tarifas reducidas, o réxime de facturación e cobro, e as normas de xestión.

A Disposición Derrogatoria, derroga a Ordenanza de prezos público polo servizo da piscina cuberta climatizada municipal publicada no BOPPO nº 128, de 7 de xullo de 2010.

A Disposición Final fixa a entrada en vigor da Ordenanza.



Martes, 3 de febreiro de 2026

Núm. 22

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polo artigo 31.3 da Constitución Española, e polo artigo 105.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co establecido no artigo 20.6 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, en relación coa Disposición adicional primeira da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, o Concello de Moaña establece unha prestación patrimonial de carácter público non tributario pola prestación de servizos na piscina municipal cuberta, que se prestan en réxime de concesión, e cuxas normas reguladoras se conteñen na presente Ordenanza.

ARTIGO 2. OBXECTO DA PRESTACIÓN

Constitúe o obxecto da prestación que se establece na presente Ordenanza, a utilización e prestación, a instancia de parte, dos servizos que se facilitan nas instalacións da piscina municipal cuberta.

ARTIGO 3. EXENCIÓNS

Están exentas do pago da presente prestación patrimonial de carácter público non tributario, as persoas usuarias que o Departamento de Benestar Social do Concello de Moaña, estime conveniente que fagan uso da piscina municipal, e que pola situación de vulnerabilidade ou desprotección social non poden facerse cargo das tarifas.

A tramitación da exención realizarase a instancia do Departamento de Benestar Social, que emitirá informe das circunstancias que determinan a conveniencia para a persoa beneficiaria da utilización dos servizos da piscina e a súa duración, dando traslado do mesmo ao departamento de tesourería.

A resolución de recoñecemento da exención notificarase ao Departamento de Benestar Social, que o comunicará á Concesionaria da piscina.

ARTIGO 4. OBRIGADOS/AS AO PAGAMENTO

4.1 Son obrigadas ao pago da presente prestación, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas polos servizos ou actividades que constitúen o obxecto da prestación, nos supostos previstos e regulados na presente Ordenanza. As persoas xurídicas ou as entidades a que se refire o artigo 35.4 da LXT deberán facilitar a identidade da persoa física que utilizará os servizos da piscina municipal, sendo a única que poderá acceder ás instalacións da mesma.



Martes, 3 de febreiro de 2026

Núm. 22

4.2 A efectos da aplicación das tarifas comprendidas na presente Ordenanza, os obrigados/as ao pagamento clasifícanse nas seguintes categorías:

- Bebés: De 6 a 36 meses
- Infantil: De 3 a 17 anos
- Persoas adultas: A partir de 18 anos

4.3 Distínguese ademais, os seguintes tipos de abonados:

- Persoa con discapacidade sen mobilidade con acompañante (O acompañante entrará mediante un pase especial que será gratuíto)
- Abonado/a individual: En calquera das categorías anteriores, a condición de abonado se adquirirá mediante o abono das tarifas comprendidas na presente Ordenanza.
- Abonado/a familiar: Comprenderá a unidade familiar e fillos/fillas menores de 22 anos.

No caso de que un abonado/a individual queira pasar a ser abonado/a familiar, deberá satisfacer a diferenza da tarifa e integrar ao resto das persoas da unidade familiar.

ARTIGO 5. TARIFAS

Os importes das tarifas correspondentes á prestación dos servizos ou actividades reguladas na presente Ordenanza son os que se conteñen nos seguintes epígrafes:

SERVIZO	TARIFAS
MATRICULA	PREZO NUN ÚNICO PAGAMENTO (IVE INCLUÍDO) €
ABONADO/A INDIVIDUAL	28,09
ABONADO/A FAMILIAR	42,14
ABONADO/A CON DISCAPACIDADE OU MÁIS DE 65 ANOS	23,72
ABONADO/A TARIFA REDUCIDA ARTIGO 6.4	21,71
ABONADO/A MENOR DE IDADE	23,72
ASISTENTE A UN CURSO NON ABONADO	18,74
ABONOS	PREZO MENSUAL (IVE INCLUÍDO) €
INDIVIDUAL	33,90
INDIVIDUAL VERÁN	48,46
FAMILIAR (2 UNIDADES)	37,76
FAMILIAR (3 UNIDADES)	48,25
FAMILIAR (4 OU MÁIS UNIDADES)	57,34
PERSONAS CON DISCAPACIDADE OU MÁIS DE 65 ANOS	28,87
ABONADO/A TARIFA REDUCIDA ARTIGO 6.4	20,20
INDIVIDUAL PERSOAL CONCELLO MOAÑA	16,95
MENOR DE IDADE	23,07
COTA DE MANTENIMENTO	9,36
BIKE INDOOR/OUTRAS ACTIVIDADES DIRIXIDAS	12,58
CURSOS EN PISCINA	PREZO MENSUAL (IVE INCLUÍDO) €
BEBÉS (1 d/SEMANA 30 min)	14,89
BEBÉS (2 d/SEMANA 30 min)	29,75
PREMAMÁ (2 d/SEMANA 45 min)	29,75
NATACIÓN INFANTIL (1d/SEMANA 45 min)	13,99
NATACIÓN INFANTIL (2d/SEMANA 45 min)	27,97
INICIACIÓN (2 d/SEMANA 45 min)	27,97



Martes, 3 de febreiro de 2026

Núm. 22

SERVIZO	TARIFAS
PERFECCIONAMENTO (2 d/SEMANA 45 min)	27,97
XINAQUA (1d/SEMANA 45 min)	14,89
XINAQUA (2d/SEMANA 45 min)	29,75
ACTIVIDADE DIRIXIDA NON INCLUÍDA NAS ANTERIORES (1 d/SEMANA 45 min)	13,99
CURSO INTENSIVO VERÁN (QUINCENAL) 3 d/semana 45 min	28,11
CURSO INTENSIVO VERÁN(QUINCENAL) 2d/semana 45 min	26,77
ACCESOS LIBRES	PAGAMENTO PUNTUAL (IVE INCLUÍDO) €
INDIVIDUAL	5,24
INDIVIDUAL REDUCIDO MAIOR 65 ANOS, MENOR 18 ANOS, PERSOA CON DISCAPACIDADE e ABONADO/A TARIFA REDUCIDA ARTIGOS 6.4	2,99
ACTIVIDADE DIRIXIDA PARA NON ABONADOS/AS (1 d/SEMANA 45 min)	27,97
INSTRUMENTOS CONTROL ACCESO/CHAVES ARMARIOS	2,76

ARTIGO 6. TARIFAS REDUCIDAS

6.1 TARIFA REDUCIDA PARA MENORES DE 18 ANOS, MAIORES DE 65 ANOS, E PERSOAS CON DISCAPACIDADE CON GRAO IGUAL OU SUPERIOR AO 33 POR 100

6.1.1 As persoas usuarias maiores de 65 anos, menores de 18 anos, ou con discapacidade con grao igual ou superior ao 33 por 100, gozarán das seguintes reducións no importe da tarifa:

- Redución do 15,55% no importe da matrícula.
- Redución do 42,93% no importe do acceso libre.
- Redución do 14,83% no importe do abono mensual para maiores de 65 anos, ou persoa con discapacidade con grao igual ou superior ao 33 por 100, e do 31,94% para menores de 18 anos.

6.1.2 Para gozar da tarifa reducida as persoas con discapacidade deberán achegar, ademais da documentación preceptiva para a tramitación da solicitude, certificado emitido por Organismo competente acreditado de dita condición.

6.1.3 A tramitación da tarifa reducida prevista no presente apartado 6.1 levarase a cabo na piscina municipal, no momento de presentar a solicitude de prestación dos servizos e actividades da mesma.

6.2 TARIFA REDUCIDA PARA ABONOS FAMILIARES

6.2.1 As persoas usuarias pertencentes á mesma familia gozarán das seguintes reducións no importe da tarifa:

- Redución do 25% no importe da matrícula para familias con 2 persoas usuarias da piscina municipal.
- Redución do 50% no importe da matrícula para familias con 3 persoas usuarias da piscina municipal.



Martes, 3 de febreiro de 2026

Núm. 22

- Redución do 62,50% no importe da matrícula para familias con 4 persoas usuarias ou mais da piscina municipal
- Redución do 44,30% no importe do abono mensual para familias con 2 persoas usuarias da piscina municipal.
- Redución do 52,55% no importe do abono mensual para familias con 3 persoas usuarias da piscina municipal.
- Redución do 57,71% no importe do abono mensual para familias con 4 persoas usuarias ou mais da piscina municipal.

6.2.2 Para gozar da tarifa reducida deberán achegar, ademais da documentación preceptiva para a tramitación da solicitude, fotocopia do Libro de Familia ou Volante de empadramento colectivo.

6.2.3 A tramitación da tarifa reducida prevista no presente apartado 6.2 levarase a cabo na piscina municipal, no momento de presentar a solicitude de prestación dos servizos e actividades da mesma.

6.3 TARIFA REDUCIDA PARA PERSOAL DO CONCELLO DE MOAÑA

6.3.1 Ao persoal que preste os seus servizos no Concello de Moaña aplicarase unha redución no abono mensual do 50%.

6.3.2 Para que sexa aplicada a redución, deberán presentar ademais da documentación preceptiva para a tramitación da solicitude, informe acreditativo da condición de traballador/a municipal.

6.3.3 A solicitude de tarifa reducida debe ser renovada anualmente, acompañando a documentación esixida para a súa concesión. No caso dos contratos temporais a aplicación da tarifa reducida finalizará cando finalice o contrato co Concello de Moaña.

6.3.4 A tramitación da tarifa reducida prevista no presente apartado 6.3 levarase a cabo na piscina municipal, no momento de presentar a solicitude de prestación dos servizos e actividades da mesma.

6.4 TARIFA REDUCIDA PARA PERSOAS PENSIONISTAS E XUBILADAS, PARA PERSOAS PERCEPTORAS DUNHA PRESTACIÓN RISGA, OU DO INGRESO MÍNIMO VITAL, PARA PERSOAS DESEMPREGADAS, PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE CON GRAO IGUAL OU SUPERIOR AO 65%, PARA PERSOAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO E FILLOS/AS DE VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO, PARA FAMILIAS MONOPARENTAIS, E PARA FAMILIAS NUMEROSAS, QUE REÚNAN OS REQUISITOS ESTABLECIDOS NO PRESENTE APARTADO:

6.4.1 Gozarán dunha redución do 22,71% no importe da matrícula, 40,41 % no importe do abono mensual, e 42,93% no importe do acceso libre



Martes, 3 de febreiro de 2026

Núm. 22

6.4.2 A unidade de convivencia a que pertenzan deberá ter uns ingresos anuais inferiores a 2 veces as seguintes cantidades:

- Para unidades de convivencia de unha ou dúas persoas: IPREM
- Para unidades de convivencia de tres ou catro persoas: IPREM + 10%
- Para unidades de convivencia de mais de catro persoas: IPREM + 20%

6.4.3 Entenderase por unidade convivencial, a formada por aquelas persoas que residen nunha mesma vivenda de forma habitual e permanente, unidos por vínculos de consanguinidade ou afinidade ou por calquera outra relación que implique corresponsabilidade ou dependencia económica entre as mesmas, de tal maneira que consuman e/o compartan alimentos, gastos comúns da vivenda u outros bens con cargo a un mesmo orzamento.

A efectos do cómputo dos ingresos da unidade convivencial, terase en conta todos os percibidos, por calquera concepto, por todas as persoas que integran a unidade de convivencia. Consideraranse os do exercicio da solicitude da redución de tarifa, no caso de pensións ou prestacións sociais e os do exercicio anterior no caso de salarios ou outros rendementos. Estes exercicios serán os de comparación co IPREM.

6.4.4 A solicitude para a obtención das tarifas previstas no apartado 6.4 deberán presentarse no Concello de Moaña, presencialmente ou a través da sede electrónica, mediante o formulario de solicitude dispoñible ao efecto, e acompañando, a seguinte documentación:

- Para todas as persoas da unidade convivencial, fotocopia do DNI, no caso dos españois, ou Documento nacional de identidade do seu país de orixe ou procedencia, ou tarxeta de identificación de estranxeiro, no caso dos cidadáns estranxeiros. Para aqueles que non sexa preceptivo contar con dito DNI acompañarase o Libro de Familia.
- Volante de empadramento colectivo das persoas que residan na vivenda.
- Para todos os membros da unidade de convivencia obrigados a presentar a declaración da Renda:
 - Fotocopia da declaración da Renda do exercicio anterior á solicitude.
 - Certificado pensións ou subsidios do exercicio correspondente á solicitude, no caso de percibilas.
- Para todos os membros da unidade de convivencia que perciban ingresos pero non estean obrigados a presentar Declaración da Renda:
 - Certificado ingresos emitido pola AEAT do exercicio anterior á solicitude. No caso de que dito documento non poda ser emitido, acompañarase informe de vida laboral e as nóminas ou certificados que se relacionen coa vida laboral.
 - Certificado pensións ou subsidios do exercicio correspondente á solicitude, no caso de percibilas.
- Declaración xurada asinada polo solicitante de que se cumpren as condicións esixidas para cada unha das tarifas reducidas.



Martes, 3 de febreiro de 2026

Núm. 22

6.4.5 Ademais da documentación esixida na solicitude de redución de tarifa, deberán reunir os seguintes requisitos e acompañar a documentación seguinte:

- Persoas usuarias pensionistas e xubiladas: Reunir dita condición e non convivir con outras persoas con rendas contributivas.
- Persoas desempregadas: Considerarase neste caso en situación de desemprego as persoas solicitantes que, sen ter a condición de pensionistas, non realicen ningunha actividade laboral por conta propia ou allea. Deberán achegar o documento acreditativo da situación de desemprego e certificado de ingresos mensuais SEPE.
- Persoas perceptores da RISGA ou IMV: Deberán achegar o documento acreditativo de dita situación.
- Persoas usuarias con discapacidade igual ou superior ao 65%, acreditarán dita condición co certificado emitido polo Organismo competente.
- Persoas usuarias que ostenten a condición de vítimas de violencia de xénero, deberán acreditar dita condición por calquera dos medios establecidos no artigo 23 da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.
- Persoas usuarias que ostenten a condición de familia monoparental deberán achegar o certificado emitido pola Xunta de Galicia ou órgano da Comunidade Autónoma correspondente equivalente, e que acredite a condición de familia monoparental vixente a 1 de xaneiro do exercicio no que deba producirse a aplicación da tarifa reducida.
- Persoas usuarias que ostenten a condición de familia numerosa deberán achegar o Título de familia numerosa expedido polo Xunta de Galicia ou órgano da Comunidade Autónoma correspondente equivalente e que acredite a condición de familiar numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio no que deba producirse a aplicación da tarifa reducida.

6.4.6 A solicitude de redución de tarifa contemplada no presente apartado 6.4 deberá ser informada por persoal funcionario municipal e tramitada polo Concello, que lle notificará á persoa solicitante o recoñecemento ou a desestimación da solicitude.

De ser recoñecida a tarifa reducida, a persoa solicitante deberá presentar a resolución de recoñecemento da mesma nas instalacións da piscina para que se tramite a alta correspondente.

A solicitude de tarifa reducida debe ser renovada cada dous anos, contados a partir da data de concesión, agás no caso de redución de tarifa a persoas desempregadas, perceptoras da RISGA ou IMV, familias numerosas e a vítimas de violencia de xénero, que terá unha duración dun ano.

Para a súa renovación deberán presentarse os mesmos documentos que para a súa concesión actualizados.

A persoa beneficiaria terá a obriga de comunicar as modificacións que se produzan nas circunstancias que deron lugar á súa concesión.



Martes, 3 de febreiro de 2026

Núm. 22

O Concello poderá comprobar en calquera momento o cumprimento das condicións que dan lugar á aplicación destas tarifas reducidas.

6.5 CAMPAÑAS PROMOCIONAIS NOVOS ABONADOS E CURSOS

Poderanse establecer campañas de promoción para fomentar a matriculación de novas persoas abonadas cunha duración máxima de 15 días consecutivos e consistente en eximir do pago da matrícula durante o período citado na campaña.

Igualmente poderanse establecer campañas promocionais para potenciar cursos existentes ou de nova creación consistente na redución da cota nun máximo do 50%.

As persoas abonadas poderán acollerse á cota de mantemento durante un mes cada ano natural. Deberá ser solicitada expresamente polo persoas abonada sinalando o período en que desexa utilizala e cunha antelación mínima dun mes. Durante a súa vixencia as persoas beneficiarias non poderán usar as instalacións.

6.6 CIRCUNSTANCIAS COMÚNS A TODAS AS REDUCIÓNS

Soamente poderá aplicarse un tipo de redución de tarifa, optándose en caso de concorrer varias, por aplicar a que resulte máis favorable á persoa usuaria.

ARTIGO 7. OBRIGA DE PAGO, FACTURACIÓN E PERÍODO DE PAGO

A obriga de pago dos importes das tarifas, nace na data de presentación da oportuna solicitude nas instalacións da piscina municipal.

A xestión e recadación das prestacións patrimoniais recollidas na presente Ordenanza, serán realizadas pola Concesionaria da prestación dos servizos na piscina municipal.

O pago realizarase de maneira mensual no caso dos abonos, cando se solicite no caso dos accesos libres, e no momento de formalizar a matrícula no caso de altas novas.

A facturación correspondente á primeira mensuralidade abonarase igualmente coa formalización da matrícula.

As persoas usuarias poderán domiciliar os recibos do abono mensual ou abonar os mesmas na propia piscina municipal. A matrícula e pagos puntuais soamente poderán aboarse na piscina.

Cando por causas non imputables á persoa obrigada ao pago, o servizo ou actividade non se preste ou desenvolva, procederase á devolución do importe correspondente.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN

Os prezos desta Ordenanza serán públicos, debendo anunciarse en lugar visible das instalacións.



Martes, 3 de febreiro de 2026

Núm. 22

A inscrición para participar nas actividades e servizos da piscina municipal realizarase na propia piscina. Formalizada a matrícula, entregarase a cada usuario/a o dispositivo acreditativo correspondente para acceder á mesma.

A prestación do servizo, así como os dereitos e obrigacións básicas entre a entidade prestadora do servizo e os usuarios, e en xeral todas as normas de xestión das prestacións patrimoniais de carácter público non tributario do servizo, se axustarán ao que estableza o correspondente Regulamento do Servizo e os pregos de condicións do correspondente contrato.

A falta de pagamento das tarifas de calquera das actividades ou servizos da piscina, suporá a imposibilidade de inscribirse ou desfrutar dos servizos da piscina municipal. Cando un recibo domiciliado sexa devolto pola entidade bancaria, pagarase en efectivo nas instalacións da piscina municipal, e ao seu importe engadiráselle a comisión cobrada pola entidade financeira pola devolución do recibo. É imprescindible o seu pago para poder continuar desfrutando dos servizos e actividades da piscina.

A Concesionaria dará traslado ao Concello dos recibos impagados que non conseguise recadar, para que inicie os procedementos de recadación correspondentes.

A solicitude de baixa dos abonos deberá formalizarse antes do día 15 do mes anterior á baixa.

Corresponde ao Concesionario a xestión das persoas usuarias. O tratamento dos datos persoais destas na xestión, estará suxeita á Lei de Protección de Datos Personais e Regulamentos de desenvolvemento e serán usados polo Concesionario.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A partir da entrada en vigor da presente Ordenanza, derrógase a Ordenanza de Prezos Públicos polo servizo da piscina cuberta climatizada municipal do Concello de Moaña.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicado completamente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en relación co artigo 70.2 da citada Lei.»

DOCUMENTO ASINADO TELEMÁTICAMENTE AO MARXE

